



BOP

LUNS, 12 DE DECEMBRO DE 2022 N.º 282

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Anuncio

Acordo do 11 de novembro de 2022 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se anuncia o levantamento das actas previas á ocupación de bens e dereitos afectados pola instalación eléctrica Parque eólico Farrapa II nos concellos de Abadín e a Pastoriza (Expediente 066-EOL).

Con data 6 de xullo de 2022, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais ditou resolución pola que se fai público o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 30 de xuño de 2022, pola que se outorgan á empresa Norvento, S.L.U. as autorizacións administrativas previas e de construción, e se declarou a utilidade pública, en concreto, así como a compatibilidade con diversos aproveitamentos forestais, das instalacións relativas ao proxecto do Parque eólico Farrapa II, sito nos concellos de Abadín e a Pastoriza (Lugo).

Esta declaración de utilidade pública, segundo o disposto no artigo 54 da Lei 24/2013 do 26 de decembro do Sector Eléctrico, implica a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e a súa urxente ocupación ós efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954.

De acordo co anterior, esta xefatura territorial, en cumprimento do disposto no artigo 52 da Lei de expropiación forzosa, resolve convocar a tódalas persoas afectadas coas que non se chegou a un acordo, incluídas na relación de bens e dereitos que se insire como Anexo o presente acordo e que se expón tamén no taboleiro de anuncios do concello de Abadín e A Pastoriza deducida da que se someteu a información pública no diario "El Progreso" do 12 de maio de 2021 e no Diario Oficial de Galicia do 12 de maio de 2021, para que comparezan o día 1 e 2 de febreiro de 2023 no concello da Abadín sinalado como punto de reunión para, de conformidade co procedemento que se establece no citado artigo, levar a cabo o levantamento das actas previas á ocupación.

Desta convocatoria darase traslado aos interesados mediante a oportuna citación individual, na cal se sinalará día e hora para o levantamento das actas previas. Así mesmo, no taboleiro de anuncios do concello de Abadín e a Pastoriza estará exposta a data do levantamento das actas. Todos os interesados, así como as persoas que sexan titulares de calquera clase de dereitos ou intereses sobre os bens afectados, deberán acudir persoalmente ou representados pola persoa debidamente autorizada, achegando os documentos acreditativos da súa titularidade, podéndose acompañar dos seus peritos e dun notario pola súa conta (art. 52.3 da Lei de expropiación forzosa).

Así mesmo, advérteselles a todos os interesados que poderán formular alegacións por escrito nesta xefatura territorial (Rolda da Muralla 70, Lugo) ata o momento do levantamento das actas previas, para os únicos efectos de corrixir os posibles erros cometidos na relación de bens e dereitos afectados (artigo 56.2 do regulamento da Lei de expropiación forzosa).

Esta publicación realízase igualmente para os efectos do artigo 44 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, (BOE núm. 236, de 2 de outubro) cando os titulares dos predios propostos sexan descoñecidos, non se saiba o lugar de notificación, ou ben, tentada a notificación, non se puidera realizar (sen prexuízo da correspondente publicación no BOE) e así dirixirllle ao Ministerio Fiscal as dilixencias que se produzan de conformidade co artigo 5 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954.

Lugo, 11 de novembro de 2022.- O xefe territorial, Gustavo José Casasola de Cabo.

Anexo															
Relación de bens e dereitos afectados para o levantamento das actas previas á ocupación das parcelas do Parque Eólico FARRAPA II															
Nº Parcela	Titular Proposto	Parcela					Afeccións (m2)								
	Nome	Datos Catastrais			Paraxe	Cultivo	Pleno Dominio		Servidume De Paso		Servidume De Voo (aéreo)	Servidume De Voo (vano)	Outras Afeccións		
		Referencia Catastral	Pol.	Parc.			Zap-Plat.	Sub.	Vial/Vial-Zanxa	Zanxa				Ot	
Concello de Abadín															
1	González Oseira, Enriqueta	27001B503002650000UH	503	265	Barranca	Prado							151		
2	Lorenzo Grandío, María Norma	27001B502001870000UE	502	187	Chao da corda	Prado							162		
	Lorenzo Grandío, Adicta													Lorenzo Grandío, Oliva	
5	Axencia Galega De Desenvolvemento Rural (entidade Xestora Do Banco De Terras De Galicia)	27001B502001400000UP	502	140	Chao do rei	Prado	4.841				666				
	Lozano Prado, José Manuel (arrendatario)													Barja Folgueira, Elia (arrendatario)	
	Lozano Prado, José Manuel													Barja Folgueira, Elia	
7	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001A043000990000FO	43	99	A corda	Prado							2.376		
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José
11	Pedreira Pedreira, Raimundo	27001C502001780000QK	502	178	O campo verde	Monte alto				18			22		
	Gómez Aira, María Carmen														
12	Lende Vidal, María Del Pilar	27001C502001770000QO	502	177	O campo verde	Monte baixo			87						
14	Coira Requeijo, Claudio	27001C502001760000QM	502	176	Curro da corda	Monte alto			652						
15	Herederos De Souto Gaute, Santiago	27001C502001750000QF	502	175	Campo verde	Monte alto			236						
	Herederos De Souto Gaute, Salvador														
16	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001A041001220000FI	41	122	A corda	Prado			834	300					
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José
17	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001A041001200000FD	41	120	A corda	Prado			241						
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José
18	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001A041001180000FX	41	118	A corda	Prado	85			891			1.448		
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José
19	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001C502001730000QL	502	173	A corda	Prado	4.361		1.303	495	10.206		864		
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José
20	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001C502001720000QP	502	172	A corda	Prado				327					
	Gaute Rivas, Armando													Gaute Rivas, María Del Pilar	Gaute Rivas, María José

21	Coira Requeijo, Claudio	27001C502001670000QG	502	167	Prado da corda	Monte alto					484				
22	Rivas Goás, Estrella Ramona	27001B501000300000UB	501	30	Creixal	Monte alto					1.184				
	Gaute Rivas, Armando														
	Gaute Rivas, María Del Pilar														
	Gaute Rivas, María José														
24	Rodríguez García, Amadora	27001A053000920000FT	53	92	As costas de abadín	Monte baixo						331			
26	Desconocido (ilmo. Sr. Fiscal De La Audiencia Provincial)	27001A053000940000FM	53	94	Costa de abadín	Monte baixo						395			
27	Desconocido (ilmo. Sr. Fiscal De La Audiencia Provincial)	27001A053001650000FI	53	165	Costa de abadín	Monte baixo						1.352			
28	López Rico, Alicia	27001A053000140000FW	53	14	O curro da carballa	Prado						1.303			
29	Oseira Lorenzo, Tomás	27001A053000150000FA	53	15	Curro de riba	Prado						15			61
31	Seijo Leiras, María Pilar	27001A053001600000FO	53	160	Prado dos chaos	Monte alto			1.333			288			406
37	Expósito López, José Jandito	27001A053000220000FQ	53	22	Chaos	Prado	3.647		831			4.700			1.700
39	Rodríguez Portela, María Del Carmen	27001A053000230000FP	53	23	Roza dos chaos	Monte baixo			360						
41	Rey Barreira, José Rodríguez París, Tania	27001A053000480000FB	53	48	Roza da capilla	Prado			122						
43	Herederos De Basanta Ares, José	27001A053000510000FB	53	51	Roza da capilla	Prado			238						
45	Herederos De Basanta Ares, José	27001A053000530000FG	53	53	A roza	Prado			624						
46	Iglesias Fernández, Argimiro Faustino	27001A053000550000FP	53	55	Villagala	Monte baixo			246						
49	González Rivas, Amadeo	27001A053001440000FA	53	144	Roza moura	Monte baixo			4						
	Díaz Carracedo, Albina														
	Díaz Otero, Maribel														
	Otero Bouso, Josefa														
50	González Rivas, Amadeo	27001A053001110000FW	53	111	Roza moura	Monte baixo			71						
	Díaz Carracedo, Albina														
	Díaz Otero, Maribel														
	Otero Bouso, Josefa														

R. 3468

CONCELLOS**CARBALLEDO***Anuncio*

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 1 de decembro de 2022 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación do Acordo Regulador do Prezo Público do Fogar Residencial do Concello de Carballedo, exponse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O expediente considererá definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 2 de decembro de 2022.- O Secretario, Fernando Torre Comesaña.

R. 3563

Anuncio

Aprobado inicialmente, en sesión extraordinaria celebrada con data 1 de decembro de 2022 polo Pleno deste Concello, o expediente de modificación do Acordo Regulador do Prezo Público do Centro de día do Concello de

Carballedo, expónse ao público polo prazo de trinta días, durante o cal os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, de conformidade co establecido no artigo 17 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo.

O expediente considerárase definitivamente aprobado si durante o citado período non foran presentadas reclamacións ao mesmo.

Carballedo, 2 de decembro de 2022.- O Secretario, Fernando Torre Comesaña.

R. 3564

Anuncio

En sesión plenaria extraordinaria celebrada o 1 de decembro de 2022 foi inicialmente aprobado o expediente de modificación do Regulamento de Funcionamento do Fogar Residencial do Concello de Carballedo, o que, de conformidade co disposto no artigo 49 da Lei 7/85 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime local, faise público polo prazo de trinta días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ou suxerencias ante o Pleno; quedando definitivamente adoptado o acordo provisional se durante o citado período non fora presentada ningunha reclamación ou suxerencia.

Carballedo, 2 de decembro de 2022.- O Secretario, Fernando Torre Comesaña.

R. 3565

Anuncio

Non constando a presentación de reclamacións ao expediente de modificación do Regulamento de Organización e Funcionamento do Punto de Atención á Infancia do Concello de Carballedo, inicialmente aprobado en sesión ordinaria celebrada con data 29 de setembro de 2022 polo Pleno municipal, o expediente considérase definitivamente aprobado e se procede á inserción do texto íntegro da norma no Boletín Oficial da Provincia, en cumprimento do sinalado no artigo 70.2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local.

REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO E ORGANIZACIÓN DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARBALLEDO

CAPÍTULO I

OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente regulamento, de conformidade co disposto no artigo 20.4 b) do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, no artigo 7.1.b) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, e no Decreto 330/2009 de 4 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, ten por obxecto establecer a organización e funcionamento do Punto de Atención á Infancia (en diante PAI) do Concello de Carballedo.

ARTIGO 2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Constitúe o ámbito de aplicación do presente regulamento, o PAI do Concello de Carballedo, que se configura como establecemento de carácter diúrno e de titularidade municipal.

CAPÍTULO II

DATOS DO CENTRO

ARTIGO 3. DEFINIÇÃO DO CENTRO

Segundo o Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os de atención á infancia no artigo 28, denomínanse os Puntos de Atención á Infancia (PAI) aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, encadrados nos servizos sociais especializados nos concellos, que teñen como finalidade prestar unha atención de apoio ós pais, titores ou gardadores dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos cando concorran situacións ou circunstancias que lles impidan o seu coidado. Ademais poderán atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.

ARTIGO 4. DATOS IDENTIFICATIVOS

O PAI, está situado na rúa Irmáns Dorrego, nº7- A Barrela – Carballedo (Lugo). O teléfono do centro é 982 46 62 01, fax 982 46 63 52. e o e-mail: info@concellocarballedo.es

ARTIGO 5. TITULARIDADE

A titularidade do PAI é municipal, sendo titular do centro o Concello de Carballedo, e o seu número de inscrición no rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais o E- 0451.

A representación a ostenta o Alcalde do Concello, con enderezo é Praza V. Portomeñe nº1 - A Barrela.

ARTIGO 6. AUTORIZACIÓNS

A prestación do servizo estará suxeita á previa resolución da Consellería competente autorizando a ocupación do centro e ao pertinente permiso de inicio de actividade emitido polo Servizo de Inspección de Familia e menores da Xunta de Galicia.

ARTIGO 7. TIPO DE XESTIÓN/FINANCIAMENTO

O tipo de xestión que se leva a cabo é directa e o financiamento do PAI levarase a cabo cos recursos do Concello, transferencias de outras Administracións Públicas, e cos prezos públicos que aboarán as persoas usuarias e que estarán reguladas pola correspondente Ordenanza municipal.

ARTIGO 8. PREZOS PÚBLICOS

Establécese o réxime de prezos equivalente ao previsto no Decreto 49/2012, do 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes desta Consellería.

O devengo, base de cálculo das tarifas, bonificacións e pagamento regularase na correspondente Ordenanza Fiscal.

CAPÍTULO III

FUNCIONAMENTO

ARTIGO 9. OBXECTIVOS DO PAI

- Servir de apoio ós pais, titores ou gardadores no coidado dos/as nenos/as de entre 3 meses e 3 anos, cando concorran circunstancias socio-laborais que lles impidan ou dificulten a realización desta función, así como atender aqueles casos que respondan a necesidades puntuais.
- Educar ós/ás nenos/as proporcionándolles unha atención integral sen distinción de raza, sexo, relixión ou calquera outra circunstancia social ou persoal a través de diferentes programas que garantan o desenvolvemento físico, intelectual e afectivo dos mesmos.
- Aproveitar ó máximo as posibilidades de desenrolo do/a neno/a potenciándoas e afianzándoas a través da acción educativa.
- Potenciar a socialización e a integración, así como a promoción de diferentes valores a través da realización de actividades que fomenten a non discriminación.
- Integrar ós/ás nenos/as con algún tipo de discapacidade tanto física, como psíquica ou sensorial.

ARTIGO 10. CAPACIDADE TOTAL DO CENTRO.

A capacidade total do PAI será de 20 usuarios/as.

O número de unidades é un de 3 meses a 3 anos.

Os servizos ofertados son exclusivamente de carácter asistencial e educativo.

ARTIGO 11. SISTEMA DE ADMISIÓN E BAIAS

Admisión.- As solicitudes de ingreso no PAI de Carballedo, facilitaranse no propio centro ou nas oficinas do Concello. Éstas, debidamente cubertas, presentaranse no rexistro xeral do Concello e deberán ir acompañadas da seguinte documentación, orixinal ou debidamente cotexada:

Documentación:

- DNI ou pasaporte dos pais, titores ou representantes legais do menor
- Certificados de empadramento e convivencia do/a menor e dos pais, titores ou representantes legais do mesmo, expedido polo Concello.
- Libro de familia.
- Certificado médico do neno/a, no que se informe que non padece enfermidade infecto-contaxiosa.
- Cartilla de vacinación do/a menor (voluntaria)
- Fotocopia da cartilla da seguridade social ou documento equivalente.
- 4 fotografía tamaño carné do/a menor.

- Autorización por escrito asinada polos pais, titores ou representantes legais do neno/a, das persoas que poden recollelo/a finalizada a xornada.
- No caso de que o menor este suxeito a algún tipo de tratamento médico, será necesaria a autorización por escrito dos pais, titores ou representantes legais para proceder á súa medicación. A autorización deberá indicar as características do tratamento e as horas da administración da dose. Así mesmo, xunto coa autorización deberá presentarse a receita médica.
- Autorización por escrito asinada polos pais, titores ou representantes legais do neno/a, para a realización de fotografías e reportaxes e vídeos.
- Autorización por escrito asinada polos pais, titores ou representantes legais do neno/a, para a realización de saídas didácticas.

Condições:

- Se á solicitude non se acompañase de toda a documentación que se relaciona no apartado anterior, requirirase ó/á interesado/a para que no prazo de 20 días hábiles subsane a falla ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, si así non o fixera, se lle terá por desistido da súa petición, previa resolución dictada nos termos do artigo 42 da LRXAP e PAC 30/1992, do 26 de novembro.
- O alumnado matriculado renovará praza automaticamente se así o solicitan os pais ou titores legais no mes de xuño. A renovación estará en todo caso supeditada á posta en marcha do PAI no curso seguinte.

Criterios para a admisión de alumnos no PAI.

Con carácter xeral teranse en conta os seguintes criterios:

- a) Que a unidade familiar do neno/a para o que se solicita o ingreso este empadroada no Concello de Carballedo, tendo preferencia os empadroados sobre os non empadroados.
- b) Que o alumno/a que solicita praza teña un/ha irmán/á xa matriculado no PAI.
- c) Que a unidade familiar do neno/a para o que se solicita o ingreso teña a consideración de familia numerosa, tendo preferencia as familias numerosas sobre as non numerosas.
- d) Que a unidade familiar do neno/a para o que se solicita o ingreso este incluída nos programas de intervención familiar da Consellería de Política Social, tendo preferencia as familias incluídas nestes programas sobre as non incluídas.
- e) Que os pais, titores ou representantes legais do menor se atopen empregados, tendo preferencia as unidades familiares no que os dous proxenitores estean traballando sobre aquelas en que só traballen un.
- f) Respetarase o orden rigoroso de presentación da solicitude no tempo, tendo preferencia as anteriores sobre a posterior.
- g) En todo caso o Concello de Carballedo resérvase un 10% do total do número de prazas existentes no PAI, para aqueles casos declarados de urxencia social.
- h) Unha vez rematado o período de matrícula e cubertas todas as prazas do PAI, só se producirá unha alta nova no caso, de que previamente se produza unha baixa. Os criterios de admisión serán os fixados no neste apartado.

Período mínimo de adaptación:

Establécese un período de adaptación no tempo que transcorre dende que os/as nenos/as chegan por primeira vez ó centro ata que se desenvolven con normalidade dentro dela.

A incorporación á escola será progresiva, de tal xeito que durante unha quincena se irán aumentando os tempos de permanencia e se graduará a incorporación dos/as nenos/as en distintos días.

Este período poderá aumentar ou diminuír en función das necesidades específicas de cada neno, segundo apreciación da coordinación do Centro.

ARTIGO 12. PROCEDEMENTO DE INGRESO

Período de matrícula e formalización:

O prazo para a matriculación dos nenos/as no PAI de Carballedo establececese dende o 1 ó 30 de xullo, aínda que se poderá formalizar matrícula en calquera momento do ano sempre que existan prazas dispoñibles.

O prazo será publicado anualmente no taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web, así como nas dependencias do centro.

A presentación de solicitudes de matrícula fóra dos prazos establecidos, e sempre que o número de prazas no PAI estivese completo, serán tramitadas para a súa inclusión nunha lista de espera.

As vacantes serán comunicadas aos integrantes da devandita lista de espera, e publicadas no taboleiro de anuncios do Concello.

Unha vez que o/a neno/a está admitida/o no PAI, entregarase aos pais ou titores legais unha copia visada do presente Regulamento.

Os pais ou titores formalizarán o correspondente contrato matrícula conforme ao modelo recollido no ANEXO I do presente Regulamento.

ARTIGO 13. CALENDARIO E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO

O PAI permanecerá aberto todos os días do ano, de setembro a xullo, en horario de 8:00 a 16:00 horas, agás sábados, domingos e festivos, o 24 e 31 de decembro.

Durante o mes de agosto, o PAI permanecerá pechado por vacacións do persoal e limpeza xeral.

Tanto o calendario laboral anual, como o horario de apertura e peche do centro estarán expostos no taboleiro de anuncios do PAI.

En caso de producirse algún cambio por circunstancias sobrevidas, as familias serán informadas con tempo suficiente.

ARTIGO 14. CAUSAS DE BAIXA

Son causas que producen a baixa no PAI de Carballedo as seguintes:

- a. Incumprimento da idade regulamentaria de permanencia no PAI.
- b. Por solicitude dos pais, titores ou representantes legais do menor.
- c. A comprobación da falsidade nos documentos ou datos achegados coa solicitude
- d. A incompatibilidade ou inadaptación absoluta do neno/a ó centro, que serán resoltas polo Concello previo informe da dirección do PAI.
- e. Por incumprimento reiterado das normas do PAI.
- f. Por impago da tarifa aplicada
- g. A inasistencia ao Punto de Atención á Infancia 0-3 durante un período de 15 días sen xustificar.

As baixas que se produzan ó longo do curso, por calquera dos motivos anteriormente expostos, serán cubertas coas solicitudes que se atopen en lista de espera e segundo os criterios de admisión fixados no apartado anterior do presente regulamento.

ARTIGO 15. RÉXIME DE SAÍDAS

O horario de saída será libre dentro do horario do PAI.

No referente a posibles saídas do centro co persoal educativo, as familias serán informadas e deberán asinar o consentimento.

CAPÍTULO IV

ESTRUCTURA ORGANIZATIVA

ART. 16. RELACIÓNS CON PAIS, TITORES E REPRESENTANTES LEGAIS.

Co fin de garantir a necesaria cooperación cos pais, titores ou representantes legais dos nenos/as, realizaranse reunións xerais e de grupo, segundo a natureza dos temas que se van a tratar, que terán lugar nas dependencias do centro, previa convocatoria por escrito.

CAPÍTULO V

NORMATIVA REFERENTE A TODO O PERSOAL

ARTIGO 17. PERSOAL DE ATENCIÓN E FUNCIÓNS

O centro contará co persoal adecuado según establece o decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia. Concretamente serán dous profesionais: un persoal de atención e outro de apoio. Ademais de persoal para a limpeza e mantemento do PAI dependentes do Concello de Carballedo. As funcións do persoal serán:

Persoal de atención:

- Coordinación xeral
- Desenvolver o traballo administrativo que leve o exercicio das súas funcións.
- Representación oficial da administración no centro servindo de enlace entre o Concello e o PAI.
- Programar, preparar e realizar xunto co equipo educativo, as actividades a desenvolver, así como supervisar e coordinar o correcto desenvolvemento das mesmas.

- Coordinar e realizar o proxecto educativo do centro, a programación xeral anual e a correspondente memoria anual, en colaboración co persoal do centro.
- Garantir a atención e coidado do alumnado durante a estancia no centro.
- Atender e informar ós pais, titores e representantes legais
- Mostrarlle as familias dos/as alumnos/as de novo ingreso o centro e informarlles da súa organización e funcionamento.
- Velar polo bo uso das instalacións e materiais.

Persoal de apoio:

- Colaborar en cantas accións ou situacións favorezan a consecución do proxecto educativo.
- Coordinarse coa dirección do centro para planificar e desenvolver a marcha do curso.
- Atender tódalas situacións que estean intimamente relacionadas co proceso de desenvolvemento integral do/a neno/a, afectivas, hixiénicas, alimentarias, de descanso, de relacións sociais e co entorno, desenvolvemento cognitivo, expresivo e momento evolutivo no que se encontra.
- Detectar as necesidades do alumnado tanto dende o punto de vista educativo como social.
- Realizar un seguimento individual do alumnado mediante unha observación directa valorando os seus procesos en tódolos aspectos e intentando desenvolver tódalas súas capacidades.
- Velar pola seguridade e benestar físico do alumnado.
- Facilitar a integración dos alumnos no grupo e fomentala súa participación nas actividades do centro.
- Planificar o período de adaptación en coordinación ca familia.

Persoal de limpeza e mantemento

- Persoal adscrito ó Concello de Carballedo do cal depende este centro. As súas funcións serán manter limpo e hixienizado o centro (persoal de limpeza) e reparar os posibles danos no centro (persoal mantemento).

CAPÍTULO VI

NORMATIVA REFERENTE AOS NENOS/AS

ARTIGO 18. DEREITOS E OBRIGAS DOS USUARIOS

Dereitos: Os usuarios do PAI teñen recoñecidos os seguintes dereitos:

- A recibir unha atención igualitaria sen discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, relixión ou calquera outra circunstancia social ou persoal.
- A recibir un trato axeitado, tanto polo persoal do centro como por parte dos demais usuarios.
- Ó segredo profesional acerca dos seus datos persoais que constan no centro.
- A participación dos pais, titores ou representantes legais nas actividades lúdicas que se programen no centro (festas, contacontos etc,...).
- A seren informados de xeito comprensible das medidas adoptadas respecto deles e a pedir explicacións de canto afecte a súa posible educación.
- A realizar visitas por parte dos pais, titores ou representantes legais dos menores ás instalacións e entrevistas persoais antes do comezo do curso escolar e ó longo do mesmo, sen entorpecer o transcurso normal das actividades.

Obrigas: Tódolos usuarios/as teñen as seguintes obrigas:

- A cumprir as normas recollidas neste regulamento sobre o uso do PAI.
- A observar, tanto polos menores como por parte dos seus pais, titores e representantes legais, unha conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia.
- A participar na vida do centro, de acordo co que dispón este regulamento.

ARTIGO 19. NORMAS DE SAÚDE E HIXIENE

NORMAS DE SAÚDE

1. Os/as nenos/as deberán acudir á escola infantil en condicións correctas de saúde e hixiene.
2. Non serán admitidas/os no centro as/os nenas/os que padezan enfermidades infecto-contaxiosas ou febre. Dita situación deberá ser comunicada polas nais, pais, titores ou representantes legais as educadoras /es do centro.

3. No caso de observárense síntomas dun proceso infecto-contaxioso ou febre nos nenos/as no propio centro; avisaranse os seus pais, nais, representantes legais ou titores a través dos teléfonos de contacto das familias. Polo propio benestar da/o nena/o e co fin de evitar a propagación da enfermidade entre os demais, viran recollela/o.

O reingreso no centro só será posible logo de transcorrido o período de contaxio e trala prescrición médica que acredite tal circunstancia.

4. No caso de enfermidade ou accidente sobrevido no centro, despois das primeiras atencións in situ e, á maior brevidade posible, poñerase a dita circunstancia en coñecemento da nai, pai, titor/a ou representante legal da/do nena/o e, se é o caso, procurarase que o/a neno/a reciba a atención médica axeitada a través dos servizos da rede pública ou do seguro médico privado facilitado pola familia, de ser o caso.

5. Cando se produza a falta de asistencia ao centro por un período superior a 3 días, debido a enfermidade ou outras circunstancias, a nai, pai, titor/a ou representante legal deberá comunicar este feito ás educadoras/es do centro.

6. Na escola non se administrará nin tratamentos nin medicacións . Nos casos nos que se deban administrar medicinas aos nenos ou nenas e a súa asistencia ao centro estea autorizada polo/a médico/a, **a familia axustará a dose fóra dos tempos de permanencia no centro** sempre ou ben poderanse achegar ó centro a administrala. Naqueles casos nos que sexa imprescindible administrarllelas na escola, estas deberán ir acompañadas da receita médica actualizada á data do tratamento, na que constará o nome do/a neno/a, o nome do medicamento, xeito, dose e periodicidade na administración. Non se administrará ningunha medicación que non veña acompañada da autorización por escrito dos pais/nais, titores ou representantes legais para a administración do medicamento por parte do equipo educativo.

No caso de que xurda un proceso febril durante o tempo de permanencia na escola, o persoal tentará reducila por medios físicos, de non conseguilo, seguirá as instrucións das autoridades sanitarias previa chamada ao 061/112, dando aviso ás familias do acontecido.

NORMAS DE HIXIENE

- Os pais, titores ou representantes legais do menor deberán proporcionarlle ó PAI, para unha axeitada atención e hixiene do/a neno/a, o seguinte material:

- Unha muda completa
- Un mandilón (serán informados cando sexa necesario)
- Cueiros (para os nenos/as que o precisen)
- Toallíñas (que deberán ser repostas cando se esgoten).
- Babeiros
- Un vaso de plástico
- Unha culler
- Unha gorra
- Libro de fichas cuxas características serán fixadas pola dirección do PAI (para os nenos/as de entre 2 e 3 anos). (serán informados cando sexa necesario).
- Diverso material escolar do que serán avisados no momento en que o precisen.
- A **comida** (se ten que comer no centro). No caso de tratarse de puré, este deberá traer unha etiqueta na que se indique o nome do/a neno/a que contén o puré (ex. Polo con verduras e arroz,...) ademais da data no que de fixo. No caso de bebés que tomen biberón traerase un, con todo o necesario para preparalo (auga, o leite e cereais dosificados) ademais de informar ó persoal das horas de tomas e de sono.
- Para **durmir** se o bebé acostuma a durmir con manta, chupete, peluche, etc... tamén se deberá proporcionar ó centro para non cambiar moito a rutina.

Todo este material estará marcado co nome do neno/a. Estes/as deberán acudir con roupa cómoda e evitarase traer xoguetes, pulseiras ou colares que poidan perder ou romper (en todo caso, nin o centro, nin o persoal do centro nin o concello se fará cargo nin responsable).

ARTIGO 20 .- USO DAS DEPENDENCIAS E MATERIAIS.

O PAI consta dunha única planta distribuída nas seguintes dependencias: vestíbulo, cociña, aseo do persoal, despacho de dirección, sala de descanso, sala de xogo e traballo, zona de cambiador e aseo dos/as nenos/as.

Os xoguetes, materiais e equipamento serán atraumáticos, atóxicos, lavables e axeitados as idades do alumnado. As actividades educativas que se realizan serán adecuadas ás idades e realizaranse conforme ó establecido no proxecto educativo correspondente.

ARTIGO 21. USO DA LINGUA

No PAI, usarase a lingua materna predominante entre o alumnado, tendo en conta a lingua do contorno.

ARTIGO 22. PROMOCIÓN DA IGUALDADE ENTRE OS/AS NENOS/AS

O PAI deberá promover a igualdade como valor fundamental de convivencia entre os/as cativos/as.

ARTIGO 23. PROMOCIÓN DA INTEGRACIÓN

O PAI promoverá a integración dos/as nenos/as con necesidades educativas especiais, fomentando deste xeito a igualdade e o respecto como valores esenciais da convivencia na relación con outros/as nenos/as, pero tamén na adquisición de valores, hábitos e pautas de conduta que favorezan a autonomía persoal.

CAPÍTULO VII**NORMATIVA REFERENTE Á INFRAESTRUCTURA E PERSOAL DO CENTRO****ARTIGO 24. SERVIZOS OFERTADOS****ASISTENCIAIS E EDUCATIVOS**

O PAI do Concello de Carballedo constitúe un equipamento que organiza o coidado dos nenos/as no seo dun grupo co fin de contribuír ao seu benestar e ao seu proceso evolutivo, facilitando a conciliación da vida laboral e familiar das familias mediante a súa garda e custodia.

SERVICIO DE COCIÑA

O Pai prestará o servizo de cociña, entendendo por tal a prestación consistente na achega dos medios persoais e materiais precisos para a adecuada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as.

Os pais ou titores deberán autorizar segundo modelo adxunto (a administración de alimentos por parte do equipo educativo, proporcionando alimentos en perfecto estado de conservación.

ARTIGO 25.- NORMAS DE SAÚDE DO PERSOAL DO PAI

1.- Todo o persoal que realice funcións de atención e coidado dos/das nenos/as deberá acreditar o seu correcto estado de saúde e con periodicidade anual someterase a un recoñecemento médico que acredite que non padece enfermidade infecto-contaxiosa nin defecto físico ou psíquico que impida ou dificulte as súas funcións. Será igualmente preceptiva a vacinación do persoal contra a rubéola, co especial compromiso das mulleres en idade fértil de adoptar as medidas sanitarias preventivas que correspondan durante os 3 meses seguintes á vacinación.

2. Todo o persoal de atención e coidado deberá acreditar coñecementos básicos en primeiros auxilios.

3.- O persoal que manipule alimentos deberá estar en posesión do carné de manipulador egundo a normativa vixente.

ARTIGO 26.- NORMAS DE SEGURIDADE:

O PAI contará con:

1. Plan de actuación para casos de emerxencia e terá un plano de evacuación en cada unha das dependencias, segundo o exixido pola normativa vixente.
2. Plan de autoprotección
3. Póliza de seguro de responsabilidade civil e outra de accidentes en contía suficiente para arantir a cobertura dos danos por sinistro e das eventuais indemnizacións aos/ás usuarios/as.
4. Libro de reclamacións a disposición das persoas usuarias.
5. Proxecto educativo a disposición dos pais/nais.
6. Libro de Rexistro de usuarios/as (físico ou informatizado).
7. Expediente individual.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Para o non previsto no presente regulamento, estarase ó disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no Decreto 254/2011 sobre réxime de autorización e acreditación e inspección dos centros prestadores de servizos sociais, Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, e a Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das administracións Públicas

ANEXO I**"MATRICULA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARBALLEDO**

D. JULIO MANUEL YEBRA-PIMENTEL BLANCO con DNI 35251839S, como representante legal do PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA DO CONCELLO DE CARBALLEDO, con CIF P2700900J e con domicilio en RÚA IRMÁNS FERNÁNDEZ DORREGO nº7- A BARRELA-CARBALLEDO-LUGO

E

En representación de (Nome neno/a) _____, con data de nacemento _____:

1. _____ con DNI _____, domicilio en _____ e teléfono _____ actuando como pai/nai/titor/a/representante legal
2. _____ con DNI _____, con domicilio en _____ e teléfono _____ actuando como pai/nai/titor/a/representante legal

ACORDAN:

1 - Que os representantes legais do menor se comprometen a aceptar o regulamento de réxime interior, do cal consta copia no taboleiro de anuncios do centro.

2 - Que o Punto de Atención á Infancia prestará ao/á menor, durante o curso escolar _20../20..., os servizos consistentes nun equipamento diúrno de carácter educativo e asistencial regulados no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, no que se regulan os centros de menores e os centros de atención a infancia.

3- No taboleiro de anuncios do centro, aparecerá exposta a información básica referida aos servizos prestados, ao horario e períodos de funcionamento, os prezos e tarifas exixibles pola prestación dos servizos, distinguindo entre as contías totais das prestacións básicas e os servizos optativos ou susceptibles de cobramento a parte.

4- Que o/a alumno/a terá como referencia a aula __0-3__ pertencente ao grupo de idade _____

5- O horario de asistencia será dende as _____ ata _____ h.

6- Os datos facilitados neste contrato, así como aqueles facilitados o longo da prestación dos servizos, pasarán a formar parte dun ficheiro titularidade do Concello de Carballedo, fronte o cal as persoas contratantes poderán, en calquera momento, de acordo co disposto na normativa vixente de protección de datos de carácter persoal exercitar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, mediante solicitude dirixida por escrito a atención do titular do ficheiro nos termos que subscribe a lexislación vixente.

7- Os/as representantes legais do/a menor autorizan a que sexa recollido/a no centro polas seguintes persoas:

- a) _____ con DNI
- b) _____ con DNI
- c) _____ con DNI

***Xuntaranse ó contrato copia dos DNI das persoas autorizadas.**

No suposto de que una vez asinado este contrato, as partes decidan revocar a autorización de recollida do/a menor ou desexen engadir novas persoas usaran un modelo anexo que pasara a formar parte deste contrato.

9- Os/as representantes legais autorizan non autorizan ao/á alumno/a a saír do centro para participar nas actividades complementarias/extraescolares programadas.

10- Os/as representantes legais autorizan non autorizan a toma e publicación de imaxes do/a menor polas persoas responsables do centro.

11- Os/as representantes legais autorizan non autorizan a que se lle administre ao/á menor medicación, no suposto de que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescrición facultativa, na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

12- No caso de ser persoas usuarias do servizo de cociña, o que supón que as familias achegan os alimentos ao centro, os representantes legais do/da menor comprométense a que os ditos alimentos cumpren as medidas hixiénicas establecidas na normativa de aplicación e autorizan ao persoal do centro a proporcionar ao/á alumno/a os alimentos facilitados.

Como proba da súa conformidade, as dúas partes asinan este contrato o ___/___/202

Representantes da persoa usuaria
Concello de Carballo.”

Representante do Punto de Atención á Infancia do

○ **AUTORIZACIÓN PARA RECOLLER O/A NENO/A.**

D./Dna: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio
 en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a:

AUTORIZO a _____ con DNI _____ a recoller o/a citado/a neno/a nas instalacións do Punto de Atención á Infancia do Concello de Carballedo, de acordo co disposto no Regulamento de funcionamento do mesmo.

En Carballedo, a ___ de _____ de 20__.

*Xuntaranse ó contrato copia dos DNI das persoas autorizadas.

○ **AUTORIZACIÓN PARA O USO DE IMAXES E SON.**

D./Dna: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio
 en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

(táchese o que non proceda)

ao Concello de Carballedo para que permita a captación de fotografías, a grabación de imaxes e o rexistro de son daqueles eventos organizados polo Concello nos que apareza o neno/a antedito, ben a título individual ou formando parte dun grupo.

As imaxes e os sons destinaranse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquera tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Carballedo, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Consonte ao disposto na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial e poderán ser incorporados aos correspondentes ficheiros do CONCELLO DE CARBALLEDO. En calquera momento, poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo por escrito, que presentará no rexistro xeral do Concello.

En Carballedo, a ___ de _____ de 20__.

○ **AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE SAÍDAS DIDÁCTICAS.**

D./Dna: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio
 en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

(táchese o que non proceda)

a que o/a dito/a neno/a faga os desprazamentos necesarios para a realización das actividades propias Punto de Atención á Infancia do Concello de Carballedo.

En Carballedo, a ___ de _____ de 20__.

○ **AUTORIZACIÓN PARA A ADMINISTRACIÓN DE ALIMENTOS**

Nome e apelidos do pai/nai ou titor/a legal _____

Nome do Neno/a _____

DNI do pai/nai ou titor/a legal _____

AUTORIZO

Ao persoal do PAI de Carballedo _____ a proporcionar os alimentos que achego cada día á escola para alimentar ao meu fillo/a.

Para iso comprométo-me a levar os alimentos segundo as medidas hixiénicas establecidas, isto é: envasados en recipientes axeitados e correctamente identificados coa data de consumo, nome e apelidos do neno/a e transportados en recipientes isotérmicos que manteñan a temperatura axeitada e con indicación de se precisan ou non refrixeración.

DECLARO

Que fun informado/a pola dirección do PAI do servizo de cociña que ofertan e polo tanto teño a posibilidade de que sexan administrados ao meu fillo/a os alimentos que achego elaborados na casa.

Coñezo o proceso de almacenamento, conservación e posterior administración dos mesmos que se realiza na escola.

Eximo totalmente á escola infantil e ao seu equipo educativo das consecuencias derivadas da inadecuada elaboración, envasado, temperatura, etiquetado e transporte de alimentos, asumíndoas como responsabilidade miña.

É para que así conste asino a presente autorización/declaración

En _____ a ___ de _____ de _____

Asinado _____

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoas recollidos nesta autorización/declaración incorporaranse a un ficheiro parta o seu tratamento, coa finalidade da Xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei.

AUTORIZACIÓN PARA A ADMINISTRACIÓN DE MEDICAMENTOS

D./Dña: _____ con D.N.I.: _____ e domicilio
en _____, en calidade de PAI/NAI/TITOR/A do neno/a:

AUTORIZO

NON AUTORIZO

(táchese o que non proceda)

que ao/á neno/a se lle administre medicación no suposto que sexa imprescindible e conte coa perceptiva prescrición facultativa na que conste as horas de administración e a dose correspondente.

Ámbalas dúas partes dan a súa conformidade ao presente contrato de prestación de servizos , e asínano en _____ a _____ de _____ de _____

Representantes da persoa usuaria Representante do PAI.

Carballedo, 30 de novembro de 2022.- O Alcalde.- Julio M. Yebra-Pimentel Blanco.

R. 3566

CERVANTES

Anuncio

Convócanse os procesos selectivos excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, para o ingreso en prazas de persoal laboral fixo no Concello de Cervantes, incluídas na Oferta de emprego público do ano 2022 - taxa adicional de estabilización de emprego temporal (D.A. 6ª e D.A. 8ª da Lei 20/2021) de acordo coas bases que se reseñan a continuación aprobadas por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 02/12/2022. Exp. Nº 299/2022.

BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DE CERVANTES, INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 - TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (DISPOSICIÓN ADICIONAL 6ª DA LEI 20/2021), COTA XERAL E COTA DE RESERVA A PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS

É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns dos procesos selectivos excepcionais de estabilización que convoque o Concello de Cervantes, para a selección de persoal laboral fixo, aos que se refiren as disposicións adicionais 6ª e 8ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público cuxas prazas foron incluídas na Oferta de Emprego Público (OEP) publicada no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) núm. 122, do 30/05/2022.

As prazas vacantes que rexerán estas bases xerais son as previstas na oferta de emprego público extraordinaria 2022 para a estabilización de emprego temporal de longa duración, aprobada por Decreto núm. 2022-0127 de data 25/05/2022.

O número de prazas a estabilizar, a súa denominación e características relaciónanse a continuación:

I. Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional Sexta da Lei 20/2021, de 28 de decembro).

I.1.1 Réxime xurídico laboral.

Nº prazas	Denominación	Grupo clasificación	Sistema de acceso	Réxime xurídico	Xornada Laboral
1	Traballador/a Social	02	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Axente de emprego e desenvolvemento local	01	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Limpiador/a de edificios públicos	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Limpiador/a de edificios públicos	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial
6	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
9	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial
1	Peón	10	Concurso	Laboral fixo	Completa
1	Condutor vehículos municipais	08	Concurso	Laboral fixo	Completa

I.1.2 Prazas do cupo de reserva persoas con capacidades diferentes (Art.59.1 EBEP):

Nº prazas	Denominación	Grupo clasificación	Sistema de acceso	Réxime xurídico	Xornada Laboral
1	Auxiliar de Axuda no fogar	10	Concurso	Laboral fixo	Parcial

II. Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Disposición Adicional Oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro):

II.1.1 Réxime xurídico laboral

Nº prazas	Denominación	Grupo clasificación	Sistema de acceso	Réxime xurídico	Xornada Laboral
1	Tractorista	08	Concurso	Laboral fixo	Completa

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

2. NORMAS DE APLICACIÓN

a. Os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, rexeranse por estas bases xerais, polas correspondentes bases específicas e convocatorias. No non regulado nas mesmas estarase ao disposto:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).
- Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).
- Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).
- Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.
- Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.
- Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.
- Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).
- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCCP).

3. CONVOCATORIA

A Xunta de Goberno, adoptará acordo aprobando as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, as bases xerais e as bases específicas que regularán os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (disposicións adicionais 6ª e 8ª da lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público), cota xeral e cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso.

A convocatoria, as bases xerais e as bases específicas, publicaranse no *Boletín Oficial da Provincia* (BOP) de Lugo, na sede electrónica do Concello e no taboleiro de anuncios da entidade, enviándose extracto da convocatoria e das bases ao *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e ao *Boletín Oficial do Estado* (BOE).

A publicación das convocatorias deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022 para cumprimento do art. 2.2 da Lei 20/2021.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas aos procesos selectivos, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos xerais que se indican a continuación, ademais dos que se determinen nas bases

específicas de cada convocatoria e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

8	ACTIVOS FINANCEIROS	281.619,06
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	Total operacións de capital	229.907,30
TOTAL XERAL		2.131.824,06

Muras, 2 de decembro de 2022.- O Alcade, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3575

Anuncio

Tendo quedado definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinto área de gasto 849/2022 por importe de 72.131,43€ por acordo adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2022 e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ó público, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto

Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que o Orzamento do ano 2022, trala entrada en vigor do devandito expediente, tanto no estado de gastos como no estado de ingresos, correspondendo a cada capítulo as cantidades que de seguido se expresan, segundo o seguinte detalle

GASTOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	ALTAS	BAIXAS	TOTAIS
	Operacións correntes			
1	GASTOS PERSOAL		72.131,43	521.388,84
2	GATOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	35.743,72		1.143.949,17
3	GASTOS FINANCEIROS	2.500,00		5.500,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.590,00		151.190,00
5	FONDO CONTIXENCIAS			2.000,00
	Total operacións correntes			1.843.325,72
	Operacións de capital			
6	INVESTIMENTOS REAIS	26.297,71		307.796,05
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL			0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS			0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS			0,00
	Total operacións de capital			112.799,19
TOTAL XERAL				2.131.824,06

INGRESOS

CAPITULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS INDIRECTOS	1.131.500,00
2	IMPOSTOS DIRECTOS	6.500,00
3	TAXAS E OUTOS INGRESOS	126.300,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	585.405,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	500,00
	Total operacións correntes	1.850.208,00
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	281.619,06
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
	Total operacións de capital	229.907,30
TOTAL XERAL		2.131.824,06

Muras, 2 de decembro de 2022.- O Alcade, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 3576

NAVIA DE SUARNA*Anuncio*

O Pleno deste Concello, en sesión *ordinaria* celebrada o día 30 de novembro de 2022, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia entre partidas de distinto grupo de función.

Aprobado inicialmente o expediente de transferencias entre partidas de distinto grupo de función, que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, por Acordo do Pleno de data 30 de novembro de 2022, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese a información pública polo prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio en leste *Boletín Oficial da Provincia*.

Durante devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://concellonaviadesuarna.sedelectronica.gal>].

Se transcorrido devandito prazo non se presentaron alegacións, considerarase aprobado definitivamente devandito Acordo.

Navia de Suarna, O Alcalde, José Fernández Fernández.

R. 3570

OUROL

Anuncio

EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

A Xunta de Goberno Local do Concello de Oourol, en sesión extraordinaria celebrada o día 28 de novembro de 2022, prestou aprobación aos seguintes Padróns:

- **Padrón de AUGA correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2022.**

- **Padrón de LIXO correspondente ao 3º TRIMESTRE de 2022.**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de **15 días**, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o órgano que o aprobou, no prazo **dun mes**, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo **dun mes** dende que se entenda producida a notificación.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto nos artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, **fíxase como prazo de ingreso en período voluntario** dous meses, a contar **dende o 26 de decembro de 2022 ata o 27 de febreiro de 2023, ambos inclusive.**

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas. Para os demais contribuíntes os recibos poranse á súa disposición nas oficinas municipais para efectuar o pago.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremo, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Ourol, 29 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Luis Pajón Camba.

R. 3571

SARRIA*Anuncio*

Mediante Decreto 2022-1300, de data 01/12/2022 aprobouse a corrección de erros detectada na Oferta de Emprego Público para a estabilización do emprego temporal do Concello de Sarria nos seguintes termos, ao detectarse un erro de transcripción no grupo de cotización de dúas prazas:

ONDE DI:

G.C. 2	PSICOPEDAGOGO	1	29/01/2014	D.A. 6ª
G.C. 2	PSICOLOGO CIM	1	18/04/2013	D.A. 6ª

DEBE DICIR:

G.C. 1	PSICOPEDAGOGO	1	29/01/2014	D.A. 6ª
G.C. 1	PSICOLOGO CIM	1	18/04/2013	D.A. 6ª

Sarria, 1 de decembro de 2022.- O Alcalde, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 3572

O VICEDO*Anuncio*

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria celebrada o día 2 de decembro de 2022, aprobou as bases XERAIS E ESPECÍFICAS QUE REGULAN OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DO VICEDO INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DO VICEDO PARA O ANO 2022, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE, PUBLICADA NO BOP DE LUGO NÚM. 117, DO 24 DE MAIO DE 2022.

O Vicedo, 2 de decembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

BASES XERAIS QUE REGULAN, XUNTO COAS BASES ESPECÍFICAS, OS PROCESOS SELECTIVOS EXCEPCIONAIS DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DE LONGA DURACIÓN, QUE SE CONVOQUEN PARA O INGRESO EN PRAZAS DE FUNCIONARIO DE CARREIRA OU PERSOAL LABORAL FIXO NO CONCELLO DO VICEDO INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DO VICEDO PARA O ANO 2022, SISTEMA CONCURSO, ACCESO LIBRE, PUBLICADA NO BOP DE LUGO NÚM. 117, DO 24 DE MAIO DE 2022.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES XERAIS

É obxecto das presentes bases xerais regular os aspectos comúns dos procesos selectivos excepcionais de estabilización que convoque o Concello do Vicedo para a selección de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo, aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público no Concello do Vicedo, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

As especificidades de cada proceso selectivo serán reguladas nas bases específicas das prazas que se convoquen.

2. NORMAS DE APLICACIÓN

Os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal de longa duración aos que se refire a disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, rexeranse por estas bases xerais, polas correspondentes bases específicas e convocatorias. No non regulado nas mesmas estarase ao disposto:

-Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

-Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

-Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).

-Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

-Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.

-Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

-Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

-Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

- Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009 e publicado no BOP de Lugo núm. 170, de 27/07/2009.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

-Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDCCP).

3. CONVOCATORIA

A Xunta de Goberno Local, adoptará acordo aprobando as convocatorias excepcionais de estabilización de emprego temporal de longa duración, as bases xerais e as bases específicas que regularán os procesos selectivos para o ingreso en prazas de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, sistema de concurso.

A convocatoria, as bases xerais e as bases específicas, publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, na sede electrónica do concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es.>, e no taboleiro de anuncios da Corporación, enviándose extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

A publicación das convocatorias deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022 para cumprimento do art. 2.2 da Lei 20/2021.

4. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas aos procesos selectivos, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos xerais que se indican a continuación, ademais dos que se determinen nas bases específicas de cada convocatoria e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

Requisitos xerais sinalados no art. 56 do TREBEP:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP.

- Ser cidadán da Unión Europea ou seu cónxuxe, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un (21) anos ou maiores dependentes.

- Estar incluído/a no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas das prazas que se convocan.

c) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non acadar a idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións semellantes ás que desempeñaban, no seu caso, o persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido

sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Posuír a titulación académica esixida na base específica 5.1 correspondente ás prazas que se convocan ou estar en condicións de obtela na data na que remata o prazo de presentación de instancias. As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Nivel de galego (determinado na base específica 5.2). Este requisito, de non cumprirse será substituído pola realización da proba que se determina na base xeral 9.

g) Outros requisitos que, no seu caso, poidan esixirse na base específica 5.3 que garden relación obxectiva e proporcionada coas funcións asumidas e tarefas a desempeñar.

5. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN - MODELO, LUGAR, FORMA DE PRESENTACIÓN, PRAZO E DOCUMENTOS A PRESENTAR.-

Para participar nos procesos selectivos teranse que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

-Deberase presentar unha solicitude para cada un dos procesos selectivos nos que se queira participar.

-Deberán relacionar os méritos na solicitude así como incorporar as acreditacións documentais dos mesmos.

-Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberase indicar expresamente na solicitude.

5.1. Lugar e forma de presentación da documentación para participar no concurso.

O impreso de solicitude debidamente cumprimentado, xunto coa documentación indicada, presentarase no rexistro xeral do Concello do Vicedo, sito na Travesía da Mariña nº 57 do Vicedo, en horario de oficina de 9:00 a 15:00, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tendo en conta que os documentos que se incorporen á solicitude deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. A dirección da sede electrónica do Concello do Vicedo é a seguinte: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

Asinar e presentar a solicitude (Anexo I) na que declarará, baixo a súa responsabilidade, que reúne todos os requisitos esixidas nas bases xerais e específicas que rexen a convocatoria, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de instancias. Igualmente, deberán relacionarse nos modelos correspondentes, que figuran como anexos destas bases (Anexos II e III), os méritos que se queiran facer constar.

A presentación da instancia implica, ós efectos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e Garantía dos Dereitos Dixitais, o consentimento dos afectados para a súa inclusión no ficheiro de personal desta entidade local, cuxa finalidade é a derivada da xestión do proceso de selección, sendo obrigatoria a súa cumprimentación, dispoñendo dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación e oposición nos termos previstos na legalidade vixente e sendo responsable do ficheiro a entidade local.

5.2. Documentos a incorporar coa solicitude:

a) Modelo de solicitude de participación (anexo I)

b) Anexo II e Anexo III

c) Acreditación documental dos méritos relacionados nos anexos II e III tal e como se indica para cada apartado do Baremo na base xeral 10.

d) Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.

e) Nivel de galego esixido na base específica 5.2 (ao obxecto de non realizar a proba de galego).

f) PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES

No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o Certificado de medidas de adaptación para realizar as probas expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.

5.3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOE.

5.4. Erros nas solicitudes.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

5.5. Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

6. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

6.1. Listaxe provisional

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía do Concello do Vicedo ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelidos, o número do Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPDCPL e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

6.1.1 Período de alegacións á listaxe provisional

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

6.2 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola alcaldía da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

6.2.1 Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR

7.1. Designación e composición.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre home e muller.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

O Tribunal cualificador estará composto por un número impar de membros con voto, nunca inferior a cinco. Estará constituído por Presidente, Secretario e Vogais, designados por resolución de Alcaldía, que se publicará no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos suplentes respectivos, que simultaneamente terán que designarse cos titulares.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

7.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

7.3. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á Alcaldía, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

A Alcaldía, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

7.4. Constitución do Tribunal.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constitución incluírase na resolución pola que se lles cita para a realización da proba de galego.

7.5. Actuación do Tribunal.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da proba de galego, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a Presidencia ou a Secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que a proba de galego se corrixa sen coñecer a identidade das persoas aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal, no suposto de solicitar adaptación de probas ás persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola LPACAP.

7.6. Indemnizacións.

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción e manutención, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

8. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO

O sistema de selección será o de concurso, segundo o establecido na Disposición adicional 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

9. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatória. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido na base específica 5.2 non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido na base específica 5.2

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

9.1.1. Citación.

A resolución da alcaldía do Concello do Vicedo pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditan o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) para a realización da proba de galego publicarase no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo:

<https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación, garantíndose unha antelación mínima de 10 días.

9.1.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

9.1.3. Identificación.

As persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

9.1.4. Anonimato.

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre pechado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

9.1.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con discapacidade que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con isto non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

9.1.6. Publicación e alegación

Os resultados faranse públicos na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

10. BAREMO DE MÉRITOS

Realizada a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego.

A puntuación máxima do concurso será de 100 puntos.

10.1. Criterios de Valoración:

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

10.2. Méritos a valorar:

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado é de 90 puntos (90%).

A) 1.-Criterios de Valoración da experiencia profesional:

a) Servizos prestados na mesma praza/posto/emprego ou equivalente que as convocadas, nesta entidade local, en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,94 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos prestados noutras prazas/postos/empregos ou equivalentes que as convocadas, nesta entidade local, en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,22 puntos por mes completo traballado.

c) Servizos prestados na mesma praza/posto/emprego ou equivalente que as convocadas, noutras Administracións Públicas (distintas desta entidade local) en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,30 puntos por mes completo traballado.

d) Servizos prestados no resto do sector público en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a a razón de 0,06 puntos por mes completo traballado.

Non se valorarán os servizos prestados como persoal eventual, becario/a, bolseiro/a, nin os contratos de arrendamento de servizos nin as practicas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda.

Se os contratos fosen a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas, conforme apareza no informe da vida laboral.

A) 2.-Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo, xornada laboral, data de inicio e finalización da vinculación coa Entidade e tempo de servizos prestados.

B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado son 10 puntos (10%)

B) 1.-Criterios de Valoración da formación

a) Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

Non se valorarán:

- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de accións formativas.
- Materias que formen parte de cursos/másteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo.

A criterio do Tribunal:

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Por grupos e subgrupos de titulación, a puntuación por cada hora de formación sería:

Grupo A1: 0,100 puntos por hora.

Grupo A2: 0,125 puntos por hora.

Grupo B: 0,200 puntos por hora.

Grupo C1: 0,333 puntos por hora.

Grupo C2: 0,500 puntos por hora.

Grupo AP/E: 1,000 puntos por hora.

b) Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

B) 2.-Forma de acreditar a formación:

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos - equivalencia en horas), a entidade que organiza.

10.3. Publicación e Período de alegacións.

O resultado do concurso publicarase na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

11. CUALIFICACIÓN FINAL DOS ASPIRANTES

O Tribunal fixará a cualificación final que virá determinada polo resultado do concurso.

A continuación, elaborárase unha listaxe coas persoas aspirantes, ordenada de maior a menor puntuación.

11.1. Resolución dos empates.

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º Estar ocupando a praza obxecto da convocatoria.

2º Estar ocupando unha das prazas da mesma categoría que a convocada na Administración convocante.

3º Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

4º Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º A de maior idade.

12. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS, PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU CONTRATACIÓN

12.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando a proposta de nomeamento ou contratación.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación.

12.2. Publicación

As cualificacións finais e a proposta de nomeamento ou contratación do Tribunal serán publicadas na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

13. RELACIÓN DE APROBADOS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E NOMEAMENTO/CONTRATACIÓN.

No prazo de quince días naturais contados a partir da publicación na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade da resolución en que se dea a coñecer o nome do aspirante ou aspirantes que resultou seleccionado, este deberá presentar no rexistro xeral do Concello do Vicedo os seguintes documentos acreditativos de que posúe as condicións de capacidade e requisitos esixidos nesta convocatoria:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade (que deberá presentarse acompañado do seu orixinal para a súa compulsa).

b) Fotocopia autenticada ou fotocopia (que deberán presentarse acompañada de orixinal, para a súa compulsa) do título académico requirido na base específica 5.1. No suposto de invocar o título equivalente aos esixidos, haberá de acompañarse un certificado expedido polo organismo competente que acredite a citada equivalencia. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data en que finalizou o prazo de presentación de instancias, deberá xustificar o momento en que concluíron os estudos.

c) Demais requisitos que se esixan, no seu caso, nas bases específicas, no apartado 5.3. Outros requisitos.

d) Certificado médico orixinal, acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións propias da categoría nas que se accede, expedido por un colexiado/a en exercicio. Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificación expedida polos órganos competentes que acredite a súa condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes, agás os técnicos de educación infantil que deberán

presentar un certificado médico segundo o establecido no apartado 5.3.- Outros requisitos das bases específicas correspondentes.

e) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza á que se aspira.

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

g) Certificado de titularidade da conta bancaria.

Os documentos que figuren nos arquivos deste Concello ou aos que o Concello poida acceder por figurar noutros rexistros públicos sempre que estea autorizado para iso, non será necesario que sexan presentados polos interesados.

A non presentación polo aspirante seleccionado, salvo causa de forza maior debidamente xustificada, da documentación requirida dentro do prazo establecido, determinará a imposibilidade de nomealo, quedando anuladas respecto a el as actuacións e decaendo en todos os seus dereitos, sen prexuízo doutras posibles responsabilidades en que puidese incurrir.

Neste caso, o tribunal seleccionador formulará proposta a favor do seguinte da lista, segundo a orde de puntuación en todo caso. A resolución do nomeamento será adoptada pola Alcaldía a favor do aspirante proposto polo tribunal.

Efectuado o nomeamento pola Alcaldía-Presidencia procederase a notificalo ao interesado que estará obrigado a tomar posesión no prazo dun mes para partir do día seguinte á recepción da notificación, comparecendo para iso na Secretaría do Concello. Transcorrido devandito prazo sen efectualo, salvo causa de forza maior, entenderase que renuncia á praza e conseguinte nomeamento.

As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser nomeados/as ou contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta de nomeamento ou contratación complementaria ao que se refire a base xeral 12.1.

14. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO

14.1. Órgano competente.

A alcaldía do Concello do Vicedo resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria, proponendo o nomeamento como persoal funcionario de carreira na escala, subescala, clase e categoría que corresponda ou a contratación como persoal laboral fixo.

14.2. Publicación.

A resolución da Alcaldía deberá publicarse no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

15. TOMA DE POSESIÓN/ CONTRATACIÓN

15.1. Prazo.

A toma de posesión ou formalización do contrato das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir as prazas convocadas, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

15.2. Falta de toma de posesión.

Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non tomara posesión dentro do prazo sinalado.

Neste caso tamén entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base xeral 12.1.

15.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto de toma de posesión ou da formalización do contrato.

16. DEREITO SUPLETORIO

En todo o non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa sinalada na base xeral 2, ou naquela outra que resulte de aplicación, remitíndose aos órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

17. RECURSOS

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello do Vicedo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación no BOP ou recurso contencioso - administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

18. NORMA FINAL

As presentes bases xerais, e mailas bases específicas que se aproben para cada praza, e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na LPACAP ou na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

O Vicedo, 29 de novembro de 2022.-O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE.

Don/Dona.....co D.N.I. núm.
 e con enderezo a efectos de notificacións en teléfono....., e dirección de correo electrónicoenterado da convocatoria para cubrir a praza de mediante concurso, publicada no BOP núm. de data.....,

DECLARA:

1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.

2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases xerais e específicas

3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.

4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello do Vicedo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, no taboleiro de anuncios do Concello do Vicedo e na sede electrónica.

5º.- Que declara baixo xuramento ou promesa que non foi separado do servizo de calquera das administracións públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, achego: (marcar o que proceda)

o Documento nacional de identidade.

o Documentación acreditativa de estar en posesión do certificado CELGA ou equivalente establecido nas bases específicas correspondentes.

o A documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar na fase de concurso acompañada do Anexo II.

o Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo, xornada laboral, data de inicio e finalización da vinculación coa Entidade e tempo de servizos prestados acompañado do anexo III.

o No suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización da proba de galego -no caso de ter que realizala- algunha medida especial -que non inhabiliten aos candidatos/as para o exercicio das funcións descritas nestas bases, deberá indicalo en documento aparte que achegará á solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grado e tipo de discapacidade, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización da proba.

En vista do que SOLICITA: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

o **AUTORIZO** expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE O VICEDO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Vicedo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Contacto delegado de protección de datos e máis información	Contacto DPD: concello@concellodivicedo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

O Vicedode.....de 202...

Fdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO II - RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS: FORMACIÓN

(Deberá acompañarse necesariamente dos diplomas ou certificados dos cursos)

NOME E APELIDOS DO CANDIDATO:

.....

Nº	NOME DO CURSO	CENTRO QUE O IMPARTIU	Nº DE HORAS

O Vicedo, _____

Asdo:.....

ANEXO III - RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS: EXPERIENCIA LABORAL

(Deberá acompañarse necesariamente da vida laboral e certificación acreditativa de servizos prestados)

NOME E APELIDOS DO CANDIDATO:

.....

Nº	ENTIDADE CONTRATANTE E CENTRO DE TRABALLO	DATA DE CELEBRACIÓN DO CONTRATO OU NOMEAMENTO	DENOMINACIÓN DA PRAZA OCUPADA	DURACIÓN DO CONTRATO EN DÍAS	A TEMPO COMPLETO OU A TEMPO PARCIAL

O Vicedo,

Asdo:.....

BASES ESPECÍFICAS QUE REXERÁN, XUNTO COAS BASES XERAIS, O PROCEDIMENTO SELECTIVO EXCEPCIONAL DE LONGA DURACIÓN, PARA O INGRESO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA NO CONCELLO DO VICEDO EN UNHA (1) PRAZA DENOMINADA AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SECRETARÍA, POLO SISTEMA DE CONCURSO, ACCESO LIBRE, INCLUÍDAS NA OFERTA EXTRAORDINARIA DE EMPREGO PÚBLICO PARA A ESTABILIZACIÓN DO EMPREGO TEMPORAL DO CONCELLO DO VICEDO PARA O ANO 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

1. OBXECTO DAS PRESENTES BASES

É obxecto das presentes bases regular o proceso selectivo de estabilización de emprego temporal, que convoque o Concello do Vicedo, para cubrir unha praza de auxiliar de axuda a domicilio, a xornada parcial (80%), polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, ao que se refire o art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022.

2. NORMAS DE APLICACIÓN

No non regulado nestas bases e convocatoria, estarase ao disposto na seguinte normativa:

-Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

E no que non se opoña á Lei 20/2021 resultará de aplicación:

-Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da Función Pública (LMRFP).

-Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).

-Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP).

-Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores (ET).

-Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (LEPG).

-Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local, a excepción dos art. 8 e 9 establecidos na disposición adicional primeira (medidas para a ámbito local) da Lei 20/2021.

-Real decreto 2271/2004, do 3 de decembro, polo que se regula o acceso ao emprego público e a provisión de postos de traballo das persoas con discapacidade.

-Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

-Orde PRE/1822/2006, do 9 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

- Convenio colectivo vixente para persoal laboral do Concello do Vicedo, aprobado polo Pleno do concello o día 10 de xuño de 2009 e publicado no BOP de Lugo núm. 170, de 27/07/2009.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).

-Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público (LRXSP).

-Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e de garantía dos dereitos dixitais (LPDPC).

3. CONVOCATORIA

A Xunta de Goberno Local, adoptará acordo aprobando a convocatoria excepcional de estabilización de emprego temporal de longa duración, e as bases que regularán o proceso selectivo para o ingreso na praza de auxiliar de axuda a domicilio, a xornada parcial (80%), como persoal laboral fixo, polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, incluída na oferta extraordinaria de emprego público para a estabilización do emprego temporal do Concello do Vicedo para o ano 2022, publicada no BOP de Lugo núm. 117, do 24 de maio de 2022, sistema de concurso.

A convocatoria e as bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Lugo, na sede electrónica do concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es.>, e no taboleiro de anuncios da Corporación, enviándose extracto da convocatoria e das bases ao Diario Oficial de Galicia (DOG) e ao Boletín Oficial do Estado (BOE).

A publicación das convocatorias deberán producirse antes do día 31 de decembro de 2022 para cumprimento do art. 2.2 da Lei 20/2021.

4. CARACTERÍSTICAS DA PRAZA, RETRIBUCIÓNS E FUNCIÓNS

4.1. CARACTERÍSTICAS

DENOMINACIÓN PRAZA	CLASIFICACIÓN	GRUPO SUBGRUPO	DENOMINACIÓN POSTO	XORNADA
Auxiliar axuda a domicilio		E/AP	Auxiliar axuda a domicilio	Parcial (80 %)

4.2 RETRIBUCIÓNS

A praza convocada e o correspondente posto que ocupará a persoa aspirante seleccionada atópase vacante e dotada no orzamento vixente, correspondéndolle as contías que anualmente se fixen polos conceptos retributivos establecidos no art. 23 da Lei 30/1984, do 2 agosto, de medidas para a reforma da Función Pública, e as disposicións aplicables nesta materia.

4.3. COMETIDO FUNCIONAL

A persoa ocupante realizará as funcións que lle sexan atribuídas por calquera outra norma ou pola persoa que exerza superioridade xerárquica, de acordo coas necesidades do centro, área ou servizo.

5. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

Para ser admitidas ao proceso selectivo, será necesario cumprir, na data de remate do prazo de presentación de instancias, os requisitos que se indican a continuación, e conservalos durante o procedemento de selección ata o acordo polo que se resolva definitivamente.

Requisitos xerais sinalados no art. 56 do TREBEP:

a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no art. 57 do TREBEP.

- Ser cidadán da Unión Europea ou seu cónxuxe, sempre que non estean separados/as de dereito, así como os seus descendentes e os do/a seu/súa cónxuxe sempre que non estean separados/as de dereito, sexan menores de vinte e un (21) anos ou maiores dependentes.

- Estar incluído/a no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de persoas traballadoras.

b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza que se convocan.

c) Ter cumpridos dezaseis (16) anos e non acadar a idade de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario, ou para exercer funcións semellantes ás que desempeñaban, no seu caso, o persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

- O título de técnico/a en Coidados Auxiliares de Enfermaría establecido polo Real decreto 546/1995, do 7 de abril, ou os títulos equivalentes de técnico/a Auxiliar Clínica, técnico/a Auxiliar Psiquiatría e técnico/a Auxiliar de Enfermaría que se establecen no Real decreto 777/1998, do 30 de abril, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a en Atención a Persoas en Situación de Dependencia, regulado polo Real decreto 1593/2011, do 4 de novembro, ou o título equivalente de técnico/a de Atención Sociosanitaria, establecido polo Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou no seu caso, calquera outro título que se publique cos mesmos efectos profesionais.

- O título de técnico/a superior en Integración Social, establecido polo Real decreto 1074/2012, do 13 de xullo, ou o título equivalente de técnico/a superior en Integración Social establecido no Real decreto 2061/1995, do 22 de decembro, para aqueles profesionais que á data de publicación do dito Acordo do 19 de outubro de 2017, se atopan traballando na categoría profesional de asistente/a persoal ou auxiliar de axuda no fogar.

- O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais. - O certificado de profesionalidade de Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio, regulado polo Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, ou o equivalente certificado de

profesionalidade da ocupación de auxiliar de axuda no gozar, regulado no Real decreto 331/1997, do 7 de marzo, ou no seu caso, calquera outro certificado que se publique cos mesmos efectos profesionais.

As persoas aspirantes con titulación obtida no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación.

f) Nivel de galego: Celga 2 ou equivalente. Este requisito, de non cumprirse será substituído pola realización da proba que se determina na base xeral 11.

g) Outros requisitos: dispor de vehículo que facilite o traslado polo termo municipal (motocicleta, coche, etc.) co seu correspondente permiso.

6. SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN - MODELO, LUGAR, FORMA DE PRESENTACIÓN, PRAZO E DOCUMENTOS A PRESENTAR.-

Para participar no proceso selectivo terase que realizar as seguintes actuacións tendo en conta que:

-Deberase presentar unha solicitude para poder participar (Anexo I).

-Deberán relacionar os méritos nos modelos establecidos (Anexos II e III) así como incorporar as acreditacións documentais dos mesmos.

-Cando se solicite adaptación das probas, por ter unha discapacidade igual ou superior ao 33%, deberase indicar expresamente na solicitude.

6.1. Lugar e forma de presentación da documentación para participar no concurso-oposición.

O impreso de solicitude debidamente cumprimentado, xunto coa documentación indicada, presentarase no rexistro xeral do Concello do Vicedo, sito na Travesía da Mariña nº 57 do Vicedo, en horario de oficina de 9:00 a 15:00, ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, tendo en conta que os documentos que se incorporen á solicitude deberán ser orixinais ou copia electrónica auténtica. A dirección da sede electrónica do Concello do Vicedo é a seguinte: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

Asinar e presentar a solicitude (Anexo I) na que declarará, baixo a súa responsabilidade, que reúne todos os requisitos esixidas nas bases da convocatoria, con anterioridade á data de remate do prazo de presentación de instancias. Igualmente, deberán relacionarse nos modelos correspondentes, que figuran como anexos destas bases (Anexos II e III), os méritos que se queiran facer constar.

A presentación da instancia implica, ós efectos previstos na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales e Garantía dos Dereitos Dixitais, o consentimento dos afectados para a súa inclusión no ficheiro de personal desta entidade local, cuxa finalidade é a derivada da xestión do proceso de selección, sendo obrigatoria a súa cumprimentación, dispoñendo dos dereitos de acceso, rectificación e cancelación e oposición nos termos previstos na legalidade vixente e sendo responsable do ficheiro a entidade local.

6.2. Documentos a incorporar coa solicitude:

a) Modelo de solicitude de participación (anexo I)

b) Anexo II e Anexo III

c) Acreditación documental dos méritos relacionados nos anexos II e III tal e como se indica para cada apartado do Baremo na base xeral 12.

d) Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte, tarxeta de residencia, así como calquera outro documento acreditativo de nacionalidade co alcance do establecido no art. 57 do TREBEP.

e) Nivel de galego esixido (ao obxecto de non realizar a proba de galego).

f) PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES

No caso de solicitar adaptación de probas presentarase a maiores o Certificado de medidas de adaptación para realizar as probas expedido polo equipo de valoración de discapacidade que corresponda.

6.3. Prazo de presentación.

O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOE.

6.4. Erros nas solicitudes.

Os erros de feito que puideran advertirse, poderán rectificarse en calquera momento, de oficio ou a petición da persoa interesada.

6.5. Defectos das solicitudes.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

7. ADMISIÓN DAS PERSOAS ASPIRANTES

7.1. Listaxe provisional

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía do Concello do Vicedo ditará resolución, aprobando a listaxe provisional de persoas aspirantes admitidas e, no seu caso, excluídas, indicando nome e apelidos, o número do Documento Nacional de Identidade anonimizado, (disposición adicional sétima da LPDCPL) e, no seu caso, a causa da exclusión indicando se é ou non emendable.

Esta resolución publicarase no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

7.1.1 Período de alegacións á listaxe provisional

Contra a resolución que aprobe a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da listaxe provisional no BOP, para presentar alegacións.

7.2 Listaxe definitiva

De non presentarse alegacións á listaxe provisional, considerarase esta definitiva sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de dez (10) días hábiles dende a publicación da resolución aprobatoria no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola alcaldía da entidade a través dunha nova resolución coa lista completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulgará que se lles recoñeza ás persoas aspirantes a posesión dos requisitos esixidos para participar no proceso selectivo. Cando da documentación que deben presentar tras superar o proceso selectivo se desprenda que non posúan algún dos requisitos, decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación.

7.2.1 Recursos contra a listaxe definitiva.

Contra a resolución que aprobe a listaxe definitiva, as persoas aspirantes poderán interpoñer recurso potestativo de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP da listaxe definitiva, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso - Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da citada publicación no BOP.

8. TRIBUNAL CUALIFICADOR

8.1. Designación e composición.

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse ós principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre home e muller.

O persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

A pertenza ós órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal cualificador estará composto por un número impar de membros con voto, nunca inferior a cinco. Estará constituído por Presidente, Secretario e Vogais, designados por resolución de Alcaldía, que se publicará no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación.

O Tribunal quedará integrado, ademais, polos suplentes respectivos, que simultaneamente terán que designarse cos titulares.

Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas que se convocan.

8.2. Incorporación de persoal asesor e colaborador.

O Tribunal cualificador poderá propoñer a incorporación aos seus traballos de persoal asesor naquelas probas que demanden oír a opinión de persoal técnico especialista, e/ou de colaboración nas tarefas de apoio no desenvolvemento do proceso selectivo, que terán voz pero non voto.

8.3. Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal cualificador deberán absterse de intervir, comunicándoo á Alcaldía, cando concorran circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP e, conforme determina o artigo 13.2 do RD 364/1995.

A presidencia do Tribunal solicitará aos membros do Tribunal, asesores e colaboradores, que asinen unha declaración expresa de non atoparse incursos nas circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP nin nas previstas no artigo 13.2 do RD 364/1995.

Así mesmo, as persoas aspirantes poderán promover a recusación dos membros do Tribunal de acordo co sinalado no artigo 24 da LRXSP.

A Alcaldía, ditará resolución cos novos integrantes do Tribunal que substituirán aos que perdesen a súa condición por algunha das causas previstas de abstención ou recusación. Esta resolución publicarase nos mesmos lugares que a anterior.

8.4. Constitución do Tribunal.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes) con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría.

A citación ao Tribunal para a súa constituicións incluírase na resolución pola que lles cita para a realización do exercicio práctico.

8.5. Actuación do Tribunal.

O procedemento de actuación do Tribunal axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na LRXSP e do resto do ordenamento xurídico.

Todas as persoas que formen parte do Tribunal cualificador terán voz e voto.

O Tribunal adoptará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, resolvendo por maioría de votos dos seus membros tódalas dúbidas e propostas que xurdan para aplicación das normas contidas nestas bases e estará facultado para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización da proba de galego, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde naquelas en todo o que non estea previsto nas bases.

En caso de ausencia das persoas que desempeñen a Presidencia ou a Secretaría, tanto do titular como do suplente, actuará no seu lugar a persoa vogal designada en primeira orde.

O Tribunal adoptará as medidas oportunas para que a proba de galego se corrixa sen coñecer a identidade das persoas aspirantes, sempre que sexa posible, garantíndose o anonimato.

O Tribunal, no suposto de solicitar adaptación de probas ás persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, adoptará as medidas precisas para realizar as adaptacións necesarias.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola LPACAP.

8.6. Indemnizacións.

As persoas que formen parte do Tribunal cualificador, así como persoal asesor e/ou colaborador que se incorporen a este, terán dereito, pola súa concorrencia ás sesións, a percibir as correspondentes asistencias, gastos de locomoción e manutención, nas contías establecidas no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio de 2002, de indemnizacións por razóns de servizo, tendo en conta as actualizacións vixentes na data do feito causante.

9. SISTEMA DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición, segundo o establecido art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Os procesos selectivos desenvolveranse con suxeición aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade así como aos contemplados no artigo 55.2 do TREBEP.

A puntuación máxima do concurso-oposición será de 100 puntos.

10.-FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación máxima da fase de oposición é de 60 puntos (60%).

10.1.-Constará dun EXERCICIO PRÁCTICO

Este exercicio é obrigatorio e non eliminatorio e puntuarase ata un máximo de 60 puntos.

Consistirá na resolución dun suposto práctico que terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no programa, nun caso concreto que responda ás funcións ou tarefas da praza/posto que se convoca.

O tempo para realizalo exercicio será determinado polo Tribunal non podendo superar o tempo máximo dunha (1) hora.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións en relación coa proba realizada, de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada persoa aspirante.

Criterios de puntuación: o Tribunal fixará os criterios de puntuación da proba práctica, informando ás persoas aspirantes antes da realización da mesma.

10.1.1 Citación.

A resolución da alcaldía do Concello do Vicedo pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización do exercicio práctico publicarase no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación, garantíndose unha antelación mínima de 10 días.

10.1.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

10.1.3. Identificación.

As persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

10.1.4. Anonimato.

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre pechado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

10.1.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba práctica a aquelas persoas con discapacidade que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con isto non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

10.1.6 Publicación dos resultados e alegación

Os resultados faranse públicos na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

11. PROBA DE GALEGO

Esta proba é obrigatoria e eliminatoria. Cualificarase co resultado de apto ou non apto, quedando eliminados do proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que sen acreditar o nivel de galego esixido nestas bases, non se presenten ou acaden o resultado de non apto.

Para dar cumprimento ao artigo 51.2 da LEPG, realizarase unha proba de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o nivel de coñecemento da lingua galega esixido nestas bases.

A proba consistirá na tradución dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán, cuxo contido corresponderá ao nivel de galego esixido.

11.1.1. Citación.

A resolución da alcaldía do Concello do Vicedo pola que se cita ao Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas (que non acreditaran o nivel de galego esixido nas bases específicas correspondentes) para a realización da proba de galego publicarase no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Corporación, garantíndose unha antelación mínima de 10 días.

11.1.2. Chamamentos.

As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo Tribunal Cualificador, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan.

11.1.3. Identificación.

As persoas aspirantes citadas, deberán presentar o seu DNI, NIE, pasaporte, permiso de condución ou outro documento identificativo oficial da nacionalidade que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade.

11.1.4. Anonimato.

Para garantir o anonimato empregaranse tarxetas identificadoras nas que figurará un número de control. Ditas tarxetas serán custodiadas nun sobre pechado e asinado polos membros do tribunal ata que se rematen as correccións e se fagan publicas as cualificacións.

11.1.5. Adaptación da proba ás persoas aspirantes que acrediten unha discapacidade igual ou superior ao 33%.

O Tribunal adaptará o tempo e/ou medios de realización da proba de galego a aquelas persoas con discapacidade que o solicitaran, a fin de garantir a igualdade de oportunidades co resto de persoas aspirantes, sempre que con isto non se desvirtúe o contido da proba nin se reduza ou menoscabe o nivel de aptitude esixible na mesma.

Estas adaptacións realizaranse conforme ao establecido na Orde PRE 1822/2006, do 9 de xuño.

Se durante a realización do proceso selectivo, o Tribunal tivera dúbidas sobre a capacidade da persoa aspirante para o desempeño das funcións propias do corpo ou escala da praza/posto á que opta, poderá solicitar ditame do órgano competente.

11.1.6. Publicación e alegación

Os resultados faranse públicos na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes poderán presentar alegacións no prazo de tres (3) días hábiles seguintes á publicación dos resultados na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as oportunas correccións. De non estimarse continuarase o procedemento sen máis trámite.

12. BAREMO DE MÉRITOS

Realizada a fase de oposición (exercicio práctico) e a proba de galego, o Tribunal procederá a valorar os méritos ás persoas que acreditaron ou superaron a proba de galego.

12.1. Criterios de Valoración:

Os méritos a valorar serán os que figuran relacionados na solicitude de participación, acreditados documentalmente tal e como se indica en cada un dos apartados do Baremo.

Os méritos que non figuren relacionados na solicitude ou non acreditados como se establece nas bases non serán tidos en conta polo Tribunal.

12.2. Méritos a valorar:

A puntuación máxima deste apartado é de 40 puntos (40%).

A) EXPERIENCIA PROFESIONAL

A puntuación máxima deste apartado serán 36 puntos

A) 1.-Criterios de Valoración da experiencia profesional:

a) Servizos prestados na mesma praza/posto/emprego ou equivalente que a convocada, nesta entidade local, en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,43 puntos por mes completo traballado.

b) Servizos prestados noutras prazas/postos/empregos ou equivalentes que a convocada, nesta entidade local, en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,10 puntos por mes completo traballado.

c) Servizos prestados na mesma praza/posto/emprego ou equivalente que a convocada, noutras Administracións Públicas (distintas desta entidade local) en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a, a razón de 0,14 puntos por mes completo traballado.

d) Servizos prestados no resto do sector público en calidade de personal laboral temporal ou funcionario/a interino/-a a razón de 0,03 puntos por mes completo traballado.

Non se valorarán os servizos prestados como persoal eventual, becario/a, bolseiro/a, nin os contratos de arrendamento de servizos nin as practicas curriculares para a obtención de titulacións académicas.

O cálculo realizarase sumando o número de días dos períodos que se valoran, conforme os datos que figuran no informe de vida laboral, dividíndose o resultado entre trinta (30) e multiplicando o cociente, desprezando os decimais, pola puntuación que corresponda.

Se os contratos fosen a tempo parcial computarán proporcionalmente ao número de horas desenvolvidas, conforme apareza no informe da vida laboral.

A)2.-Forma de acreditar a experiencia:

Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo, xornada laboral, data de inicio e finalización da vinculación coa Entidade e tempo de servizos prestados.

B) FORMACIÓN

A puntuación máxima deste apartado son 4 puntos

B) 1.-Criterios de Valoración da formación

a)Formación e capacitacións profesionais:

Valoraranse a realización de cursos homologados polas diferentes Administracións Públicas, ou outras entidades do sector público, ou os realizados no ámbito da formación para o emprego ou os acordos da formación continua cuxo contido estea directamente relacionado coas funcións propias da praza obxecto da convocatoria, e os considerados transversais polo seu interese para todos os postos como os de coñecemento da lingua galega, os relacionados coa prevención, cos dereitos e deberes dos empregados públicos, coa igualdade, a protección de datos, a atención ao cidadán, a protección do medio ambiente desde o ámbito laboral e os de contido ofimática, entre outros.

Excepcionalmente, a xuízo do Tribunal, poderán puntuarse actividades formativas impartidas por outros organismos ou entidades públicas ou privadas cando estean autorizadas e homologadas por un organismo público para realizar determinada formación, e se motive a decisión.

Non se valorarán:

- As materias que formen parte de titulacións académicas oficiais.
- Contidos parciais de accións formativas.
- Materias que formen parte de cursos/másteres propios.
- Módulos ou unidades de competencia.
- Os módulos do certificado de profesionalidade que formen parte da titulación presentada para o acceso ao proceso selectivo.

A criterio do Tribunal:

Cando as persoas aspirantes acrediten actividades formativas sobre a mesma materia, quedará a xuízo do tribunal puntuar as de maior contido, as máis actuais ou puntuar todas, motivando a decisión que se adopte.

Por grupos e subgrupos de titulación, a puntuación por cada hora de formación sería:

Grupo A1: 0,04 puntos por hora.

Grupo A2: 0,05 puntos por hora.

Grupo B: 0,08 puntos por hora.

Grupo C1: 0,133 puntos por hora.

Grupo C2: 0,20 puntos por hora.

Grupo AP/E: 0,40 puntos por hora.

b) Titulación superior á requirida para o acceso e relacionada coa praza: 0,1 puntos.

B) 2.-Forma de acreditar a formación:

A acreditación realizarase mediante certificado ou calquera outro documento con validez legal, que acredite a denominación da acción formativa, o contido, o número de horas (no suposto de ser créditos - equivalencia en horas), a entidade que organiza.

12.3. Publicación e Período de alegacións.

O resultado do concurso publicarase na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles, dende o seguinte á publicación dos resultados do baremo de méritos na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es>, para presentar alegacións.

Resoltas as alegacións, no suposto de estimarse, deberán publicarse as novas valoracións. De non estimarse, as valoracións provisionais consideraranse definitivas.

13. CUALIFICACIÓN FINAL DOS ASPIRANTES

O Tribunal fixará a cualificación final que virá determinada polo resultado do concurso-oposición.

A continuación, elaborárase unha listaxe coas persoas aspirantes, ordenada de maior a menor puntuación.

13.1. Resolución dos empates.

En caso de empates acudirase aos seguintes criterios, ata que se resolvan:

1º Estar ocupando a praza obxecto da convocatoria.

2º Estar ocupando unha praza da mesma categoría que a convocada na Administración convocante.

3º Estar ocupando unha praza de distinta categoría que a convocada na administración convocante.

4º Antigüidade total acumulada en calquera das Administracións Públicas.

5º A de maior idade.

14. RELACIÓN DAS PERSOAS SELECCIONADAS, PROPOSTA PARA A CONTRATACIÓN

14.1. Relación das persoas seleccionadas e proposta do Tribunal.

O Tribunal elaborará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, non podendo, en ningún caso, aprobar ou declarar que superaron o proceso selectivo un número de persoas aspirantes superior ao das prazas convocadas, realizando a proposta de contratación.

Calquera proposta de persoas aprobadas que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do TREBEP, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas por orde de puntuación.

14.2. Publicación

As cualificacións finais e a proposta de contratación do Tribunal serán publicadas na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> no taboleiro de anuncios da Entidade.

15. RELACIÓN DE APROBADOS, LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS PARA A CONTRATACIÓN

No prazo de quince días naturais contados a partir da publicación na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade da resolución en que se dea a coñecer o nome do aspirante que resultou seleccionado, este deberá presentar no rexistro xeral do Concello do Vicedo os seguintes documentos acreditativos de que posúe as condicións de capacidade e requisitos esixidos nesta convocatoria:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade (que deberá presentarse acompañado do seu orixinal para a súa compulsa).

b) Fotocopia autenticada ou fotocopia (que deberán presentarse acompañada de orixinal, para a súa compulsa) da titulación requerida. No suposto de invocar o título equivalente aos esixidos, haberá de acompañarse un certificado expedido polo organismo competente que acredite a citada equivalencia. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data en que finalizou o prazo de presentación de instancias, deberá xustificar o momento en que concluíron os estudos.

c) Demais requisitos que se esixan, no apartado 5 g) destas bases: Outros requisitos.

d) Certificado médico orixinal, acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que imposibilite o normal exercicio das funcións propias da categoría nas que se accede, expedido por un colexiado/a en exercicio. Os aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade deberán presentar certificación expedida polos órganos competentes que acredite a súa condición, así como a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

e) Declaración xurada ou promesa de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin acharse inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións da praza á que se aspira.

f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.

g) Certificado de titularidade da conta bancaria.

Os documentos que figuren nos arquivos deste Concello ou aos que o Concello poida acceder por figurar noutros rexistros públicos sempre que estea autorizado para iso, non será necesario que sexan presentados polos interesados.

As persoas que dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentaran a documentación, ou cando do exame da mesma se deducira que carece dalgún dos requisitos esixidos na convocatoria, non poderán ser contratadas, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidera incurrir por falsidade na solicitude. Neste caso, entrará en xogo a proposta de contratación complementaria ao que se refire a base xeral 14.1.

16. RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO SELECTIVO

16.1. Órgano competente.

A alcaldía do Concello do Vicedo resolverá definitivamente o procedemento selectivo a favor das persoas aspirantes propostas polo Tribunal, que acreditaran os requisitos esixidos na convocatoria, propoñendo a contratación como persoal laboral fixo.

16.2. Publicación.

A resolución da Alcaldía deberá publicarse no BOP, na sede electrónica do Concello do Vicedo: <https://concellodovicedo.sedelectronica.es> e no taboleiro de anuncios da Entidade.

17. CONTRATACIÓN

17.1. Prazo.

A formalización do contrato das persoas incluídas na resolución da Alcaldía para cubrir a praza convocada, efectuarase no prazo máximo dun (1) mes dende o día seguinte ao da publicación do citado acordo no BOP.

17.2. Falta de formalización do contrato.

Entenderase que renuncia ao cargo quen, sen causa xustificada, non formalice o contrato dentro do prazo sinalado.

Neste caso tamén entrará en xogo a proposta complementaria á que se refire a base 14.1.

17.3. Requisitos.

O cumprimento dos requisitos esixidos no artigo 62.1.c) do TREBEP referido ao acto de acatamento da constitución e, no seu caso, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como o requisito de incompatibilidade que determina da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas, efectuarase no mesmo acto da formalización do contrato.

18. DEREITO SUPLETORIO

En todo o non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa sinalada na base 2, ou naquela outra que resulte de aplicación, remitíndose aos órganos competentes da xurisdición contencioso-administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destas.

19. RECURSOS

Contra o acordo que aprobe as presentes bases xerais, definitivo en vía administrativa, poderán as persoas interesadas interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía do Concello do Vicedo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da publicación no BOP ou recurso contencioso – administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan presentar calquera outro que estimen procedente.

20. NORMA FINAL

As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación dos Tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos e na forma establecida na LPACAP ou na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

21.- PROGRAMA DE ACCESO

Tema 1.- Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello do Vicedo.

Tema 2.- Intervencións de atención domiciliaria dirixidas a persoas con necesidades sanitarias: hixiene e atención sanitaria domiciliaria; administración de alimentos e tratamentos; mellora das capacidades físicas.

Tema 3.- Actividades relacionadas coa xestión e funcionamento da unidade convivencial e o fogar: apoio domiciliario e alimentación; xestión, aprovisionamento e cociña na unidade familiar.

Tema 4.- Mantemento, limpeza e organización do domicilio de persoas dependentes.

Tema 5.- A mobilización dos enfermos: Pautas xerais. Movementos a realizar.

O Vicedo, 29 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

ANEXO I - MODELO DE SOLICITUDE.

Don/Dona.....co D.N.I. núm.
 e con enderezo a efectos de notificacións en teléfono....., e dirección de correo electrónicoenterado da convocatoria para cubrir a praza de AUXILIAR AXUDA A DOMICILIO, A XORNADA PARCIAL (80 %), POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, publicada no BOP núm. de data.....,

DECLARA:

1º.-Que coñece o contido das bases reguladoras desta convocatoria.

2º.-Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpre todos e cada un dos requisitos esixidos nestas bases

3º.- Que se compromete, caso de ser seleccionado, a aportar a documentación esixida nas bases unha vez rematado o procedemento de selección.

4º.- Que queda enterado da lexitimación do Concello do Vicedo para o tratamento e publicación dos seus datos persoais (nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no BOP de Lugo, e no seu caso, no taboleiro de anuncios do Concello do Vicedo e na sede electrónica.

5º.- Que declara baixo xuramento ou promesa que non foi separado do servizo de calquera das administracións públicas nin se atopa inhabilitado ou en situación equivalente nin foi sancionado por infracción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Xunto coa presente solicitude, achego: (marcar o que proceda)

- o Documento nacional de identidade.
- o Documentación acreditativa de estar en posesión do certificado CELGA ou equivalente establecido nestas bases.
- o A documentación acreditativa dos méritos alegados para valorar na fase de concurso acompañada do Anexo II.
- o Informe de vida laboral actualizado e certificación do secretario/a da Administración Pública correspondente que acredite a denominación da praza/posto/emprego, réxime xurídico, tipo de vinculación coa entidade, grupo/subgrupo ou titulación académica esixida no proceso selectivo, xornada laboral, data de inicio e finalización da vinculación coa Entidade e tempo de servizos prestados acompañado do anexo III.
- o No suposto de que o candidato/a que solicite participar no proceso selectivo teña algunha discapacidade, que por motivo da mesma precise ou necesite para a realización do exercicio práctico ou a proba de galego -no caso de ter que realizala- algunha medida especial -que non inhabiliten aos candidatos/as para o exercicio das funcións descritas nestas bases, deberá indicalo en documento aparte que chegará á solicitude, debendo necesariamente aportar certificado do grado e tipo de discapacidade, para que o tribunal poida adoptar as medidas necesarias, con carácter previo á realización da proba.

En vista do que SOLICITA: Que se admita a presente solicitude, xunto coa documentación adxunta, para concorrer ao procedemento selectivo convocado.

o**AUTORIZO** expresamente ao Concello de O Vicedo que inclúa os meus datos nun ficheiro automático para fin exclusivo do proceso selectivo no que solicito participar.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS	
Responsable do tratamento	CONCELLO DE O VICEDO
Finalidade do tratamento	A tramitación administrativa que se derive da xestión desta solicitude, así como a actualización da información e contidos dos expedientes persoais.
Lexitimación para o tratamento	Cumprimento dunha obrigação legal aplicable ao responsable do tratamento.
Persoas destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas podan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos a través da sede electrónica do Concello do Vicedo ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Contacto delegado de protección de datos e máis información	Contacto DPD: concello@concellodovicedo.org
Actualización normativa	No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento xeral de protección de datos.

O Vicedode.....de 202...

Fdo.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DO VICEDO

ANEXO II - RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS: FORMACIÓN

(Deberá acompañarse necesariamente dos diplomas ou certificados dos cursos)

NOME E APELIDOS DO CANDIDATO:

.....

Nº	NOME DO CURSO	CENTRO QUE O IMPARTIU	Nº DE HORAS

O Vicedo,

Asdo:.....

ANEXO III - RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS: EXPERIENCIA LABORAL

(Deberá acompañarse necesariamente da vida laboral e certificación acreditativa de servizos prestados)

NOME E APELIDOS DO CANDIDATO:

.....

Nº	ENTIDADE CONTRATANTE E CENTRO DE TRABALLO	DATA CELEBRACIÓN CONTRATO NOMEAMENTO	DE DO OU	DENOMINACIÓN DA PRAZA OCUPADA	DURACIÓN CONTRATO DÍAS	DO EN	A TEMPO COMPLETO OU A TEMPO PARCIAL

O Vicedo,

Asdo:.....

O Vicedo, 29 de novembro de 2022.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 3574
